

## Pautas para traballar a dislalia /z, c/ no fogar

### Antes de comezar, **ter en conta:**

- A **dislalia** é unha alteración na articulación dun fonema, que se manifesta coa presenza de substitución, distorsión, omisión ou adición do fonema afectado.
- A intervención das dislalias contemplará unha **intervención indirecta** (relaxación, respiración, sopro, praxias...) e unha **intervención directa** (relacionada co punto e modo de articulación do fonema, a súa integración en sílabas, palabras e frases, e por último, a xeralización á linguaxe espontánea do alumno/a).
- A continuación deixámosvos unha serie de actividades que favorecen a articulación correcta do **fonema /θ/**, é moi importante lembrar que estas actividades deberán realizarse de xeito lúdico e motivador, sen que resulten unha carga para o alumno/a.
- O tempo que se lle debe dedicar **non** será superior a 20-25' e o recomendable sería facelo cada 2 días para que resulte satisfactorio.

### 1º Comezaremos a sesión cuns xogos de **sopro e praxias**.



A continuación deixo uns enlaces tanto a material que se pode imprimir como a vídeos (para repartir entre os diferentes días, non facelos todos o mesmo día).

- <https://www.youtube.com/watch?v=dm7o44GVYa4>
- <https://www.youtube.com/watch?v=ngOZaYcmPq0> (Minions)
- <https://www.youtube.com/watch?v=zRRjmVimRPw> (Peppa Pig)
- <https://www.youtube.com/watch?v=imz9li3vhTs> (Cuento del gusanito)
- <https://www.youtube.com/watch?v=9d8JZkQXyuw> (Praxias divertidas)
- <https://es.scribd.com/document/332516972/Cuento-s-para-hablar-pdf> (Cuentos para hablar, combina praxias, sopro...)
- Soprar pintura cunha palliña para simular o pelo duns debuxos.
- Facer unha pipa de sopro.
- Carreiras de vasos de plástico (ver <http://almostunschoolers.blogspot.com/2011/02/combating-cabin-fever-with-indoor-games.html>)
- Xogar un partido soprando, quitar as plumas dun paxaro... (plantillas descargables para imprimir <https://www.bloghoptoys.es/las-planchas-sopro/>)



**2º Discriminación auditiva:** presentamos diferentes imaxes que comecen con /θ/ xunto con outras que non comecen e deberá identificar, cales son as que comezan con /θ/, correspondente ás grafías za, ce, ci, zo, zu:

- <http://merakilogopedia.blogspot.com/2018/12/discriminacion-s-z.html>
- <http://merakilogopedia.blogspot.com/2018/11/el-juego-de-la-ropa.html>
- <https://9letras.wordpress.com/discriminacion-auditiva/>
- <https://www.youtube.com/watch?v=1-AnexORGLw>




**3º Articulación do fonema fronte o espello,** o importante será adquirir o punto e modo de articulación axeitado. Para axudarnos contamos cos “articulemas” de *Siembra Estrellas* (deixo o correspondente ao fonema /θ/ no lateral deste cadro).

Ademais, podemos seguir unha técnica facilitadora que deixo a continuación, que leva por nome “**The magic slide**”, trátase dun tobogán no que o alumno/a deberá ir dicindo a fonema /d/ cada pasiño que sube e soltar o aire articulando /θ/ cando baixa.



## THE MAGIC SLIDE


Magically turn your “d” sound into the perfect “z” sound!



4º Agora é o momento de **articular correctamente o fonema en sílabas, palabras e frases**. Podemos aproveitar o material de “Juego de la ropa” das actividades de discriminación para articular correctamente as palabras con z/c.

Pero tamén contamos con mais xogos:

- [http://www.arasaac.org/materiales.php?id\\_material=761](http://www.arasaac.org/materiales.php?id_material=761) (Outros materiais como lotos, debuxos...)
- <https://drive.google.com/drive/folders/1qSkIPgOtGPEpTEh1Xtd5rZK5cjlqhxae> (Xogo de Peppa Pig)
- <https://www.soyvisual.org/materiales/loto-letras-z-y-c> (Loto para tablet de la App #SoyVisual)
- <https://drive.google.com/file/d/1JA0r9IEwtmigelv6Rd8rOUKbvbPy4Ceo/view> (Oca para imprimir e xogar)
- <https://drive.google.com/file/d/0B3LrkqV8Rdt2U0ZHTndBb2h6ZFU/edit> (Conto para xeralización do fonema)
- [http://www.arasaac.org/zona\\_descargas/materiales/2027/Juego\\_de\\_los\\_dados\\_foneticos.pdf](http://www.arasaac.org/zona_descargas/materiales/2027/Juego_de_los_dados_foneticos.pdf) (Xogo para descargar e imprimir)



### IMPORTANTE:

No seguinte enlace contades cun caderno de actividades completo para traballar o fonema /θ/.

<https://drive.google.com/file/d/1tiMT1Sw2ARfcj7eVHIRsSjwutewimOZf/view>

